

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ORDE do 13 de maio de 2016 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e a Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se procedeu á convocatoria destas subvencións para o ano 2016.

O 28 de agosto de 2015 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a Orde do 7 de agosto pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

Esta orde foi modificada pola Orde do 23 de decembro de 2015 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), na cal se flexibilizaron os requisitos para adquirir a condición de beneficiaria ás persoas inquilinas de contratos de arrendamento respecto as cales se presentase unha demanda de desafiuzamento por non pagamento de rendas. Ademais, ampliouse o ámbito subxectivo deste programa ao colectivo de vítimas de violencia de xénero e a aquelas unidades de convivencia que fosen privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos como consecuencia dunha circunstancia imprevisible e sobrevida.

A maiores dos supostos referidos, considérase necesario estender este programa ás unidades de convivencia que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, rematasen o período de desfrute desta axuda dentro dos nove meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa de Bono Alugueiro Social.

Finalmente, considérase oportuno incrementar o importe mensual da axuda do Bono Alugueiro Social para os contratos de alugueiro formalizados nos concellos de Galicia sinalados nas alíneas a) e b) do artigo 6.1 da Orde do 7 de agosto de 2015, cuxas rendas dos contratos de alugueiro son máis altas, así como engadir á relación dos concellos a que se refire a alínea a) do citado artigo 6, os concellos de Lugo e Ferrol. Por outra banda, increméntase o importe da axuda complementaria tanto no suposto de formalizar un novo contrato de alugamento como no caso de permanecer na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafiuzamento.



Esta orde suxéitase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Consecuentemente con todo o anterior, en exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e o artigo 34 da Lei 1/1983, do 12 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. Modificación da Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020

Modifícase a Orde do 7 de agosto de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, nos termos que se recollen a continuación:

Un. Engádesse unha alínea d) ao parágrafo 1 do artigo 2, que queda redactado do seguinte modo:

«d) Aquelas que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, rematasen o período de disfrute desta axuda dentro dos nove meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social».

Dous. Engádesse un número 5 ao artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«5. No caso de unidades de convivencia que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, para o fomento do alugueiro de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, rematasen o período de disfrute desta axuda dentro dos nove meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social, ademais dos requisitos sinalados no número 1 deste artigo, os seguintes:

a) Que non se lles interpuxese unha demanda por danos causados na vivenda alugada incorporada ao citado programa.



b) Que non teñan débedas derivadas de subministracións da vivenda alugada no marco do Programa Aluga por un período superior aos dous meses».

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Renda das vivendas*

1. A renda mensual máxima non pode superar os seguintes importes:

a) 400 euros, para as vivendas situadas nos seguintes concellos: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

b) 350 euros, para as vivendas situadas nos seguintes concellos: Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culledro, Fene, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Ponte-deume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba, Viveiro, Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontecareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

c) 300 euros, para as vivendas situadas no resto dos concellos».

Catro. Modifícase o artigo 7, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Contía da axuda*

1. A contía de cada bono alugueiro será de:

– 200 euros mensuais para os contratos relativos a vivendas situadas nos concellos a que se refire o número 1.a) do artigo 6.

– 175 euros mensuais para os contratos relativos a vivendas situadas nos concellos a que se refire o número 1.b) do artigo 6.

– 150 euros mensuais para os contratos relativos a vivendas situadas nos concellos a que se refire o número 1.c) do artigo 6.



Cada unidade de convivencia só poderá recibir ata un máximo de doce bonos, prorrogables unha soa vez polo mesmo período recoñecido inicialmente.

2. Ademais, poderase outorgar á persoa beneficiaria unha axuda complementaria, tanto para o suposto da inmediata formalización dun contrato de alugueiro, para atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións, como para o caso de permanecer na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafuzamento, para atender cantidades pendentes, derivadas do contrato de arrendamento que motivou o devandito procedemento. O importe desta axuda non poderá superar os 600 euros».

Artigo 2. Modificación da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual

Modifícase a Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual, nos termos que se recollen a continuación:

Un. Modifícanse os puntos primeiro e cuarto do artigo segundo. Convocatoria das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 para o ano 2016, con financiamento plurianual, que quedan redactados do seguinte modo:

«Primeiro. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras das axudas do programa do Bono de Alugueiro Social previstas nesta convocatoria están aprobadas pola Orde do 7 de agosto de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, publicada no DOG, núm. 164, do 28 de agosto, modificada pola Orde do 23 de decembro de 2015 (DOG, núm. 248, do 30 de decembro), segundo a redacción dada por esta orde».

«Cuarto. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias da axuda as solicitantes que cumpran os requisitos e condicións sinalados no artigo 3 das bases reguladoras, segundo a redacción dada por esta orde».



Dous. O anexo I da Orde do 23 de decembro de 2015, publicado pola Orde do 7 de xaneiro de 2015 no DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2016, substitúese polo anexo I desta orde.

Disposición transitoria única. *Incremento da contía das axudas*

O incremento da contía do importe mensual do Bono de Alugueiro Social, así como o da axuda complementaria recollido no artigo 7 das bases reguladoras, segundo a redacción dada por esta orde, aplicarase a todas as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual. Así mesmo, nos casos en que proceda, modificaranse as resolucións de concesión de subvencións ditadas ata a data de publicación do *Diario Oficial de Galicia* desta orde, para reaxustar os importes das subvencións concedidas á presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2016

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Vivenda





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO I

PROCEDEMENTO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL DO PLAN REHAVITA. PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI482A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas por calquera das persoas que integran a unidade de convivencia:

Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.

Si se solicitou e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Que ningunha das persoas que integran a unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda situada no territorio nacional.

Que a persoa arrendataria non ten vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, non existe vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata segundo grao, coa persoa arrendadora da vivenda, ou calquera dos socios ou partícipes da persoa xurídica arrendadora, de ser o caso.

Que me comprometo a presentar a documentación acreditativa da miña parte do alugamento dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes.

2. Que é residente na Comunidade Autónoma de Galicia durante polo menos 12 meses anteriores á data da solicitude da axuda.


3. Que é titular ou está en condicións de subscribir un contrato de arrendamento nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento constitúe, ou vai constituír, o seu domicilio habitual e permanente.

5. Que a renda do contrato de arrendamento que se subvenciona non poderá superar os importes sinalados no artigo 6.

6. Que os ingresos ponderados da unidade de convivencia da persoa beneficiaria, computados conforme establece o artigo 4, sexan inferiores a 1,5 veces o indicador público de efectos múltiples (IPREM).

7. Que nin a persoa arrendataria nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia ten un vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, non existe vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata segundo grao, coa persoa arrendadora. Esta mesma exigencia aplicarase cando a parte arrendadora sexa unha persoa xurídica, respecto de calquera dos seus socios ou partícipes.

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: 540x7753-iuf1-9jz7-npz7-w4kvyahodal1



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO I
 (continuación)

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

8. Que a persoa beneficiaria non é arrendataria de vivendas xestionadas polo IGVS.
9. Que todos os datos contidos nesta solicitude son certos.
10. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
11. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
12. No caso de persoas afectadas pola interposición dunha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas ou por unha resolución xudicial de terminación dun procedemento da mesma natureza, declaran:
- Que o contrato de arrendamento que motivou o procedemento de desafiuzamento ten unha duración non inferior a 12 meses.
- Que entre a presentación da solicitude da axuda e a comunicación da interposición da demanda ou da notificación da resolución xudicial de terminación do procedemento non transcorren máis de 6 meses.
13. No caso de mulleres pertencentes ao colectivo de vítimas de violencia de xénero, declaran:
- Que a situación de violencia de xénero se produciu nunha relación de convivencia.
- Que cesaron a dita convivencia nos doce meses anteriores á presentación da solicitude.
- Que levan residindo, polo menos dous meses antes da presentación da solicitude, nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero e adscritos a unha administración pública.
- Que o documento acreditativo da situación de violencia foi adoptado ou emitido nos 6 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Así mesmo, é preciso que a orde de protección ou a medida cautelar estean vixentes na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución desta axuda.
14. No caso de unidades de convivencia privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, declaran:
- Que foron privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, acaecida nos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia ten unha vivenda en propiedade ou en usufruto no territorio nacional, distinta da que constituía a súa residencia habitual.
15. Para o suposto de ter sido beneficiario/a do programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, declaro que rematou o disfrute da citada axuda dentro dos nove meses anteriores a data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono de Alugueiro Social. Expediente programa Aluga número
16. Así mesmo, declaro que non se nos interpuso unha demanda por danos causados na vivenda alugada incorporada ao citado programa e/ou que non temos débedas derivadas de subministracións da vivenda alugada no marco do programa Aluga por un período superior aos dous meses.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Copia do DNI ou NIE da persoa que actúe como representante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Copia do DNI ou NIE das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade no anexo II.
- Documento acreditativo da representación da persoa que actúe como representante, de ser o caso.
- Certificado de residencia da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- Certificado de que ningunha das persoas que integran a unidade de convivencia teñen débedas coa Administración estatal tributaria, a Seguridade Social ou a Comunidade Autónoma de Galicia, só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo II.
- Acreditación, de ser o caso, do título de discapacidade, só no caso de non autorizar, ou de non ser posible, a súa consulta por non estar expedido pola Xunta de Galicia.
- Copia da demanda interposta nun procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas.
- Copia da resolución xudicial de terminación do procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas.
- Certificado xudicial da notificación da resolución de terminación do procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas.
- Contrato de arrendamento da vivenda.
- No caso de non ter formalizado o contrato de arrendamento, deberase presentar no prazo dun mes contado desde a notificación da resolución de concesión da axuda, e xuntarlle xustificante do depósito da fianza, certificado de empadramento das persoas que integran esa unidade de convivencia nesa vivenda e anexo III.
- No caso de nai xestante, certificado médico ou documentación que acredite o citado estado.
- Certificado acreditativo da situación de adopción en trámite, de ser o caso.
- Informe social cos contidos referidos na orde de bases.
- Compromiso, asinado polas persoas arrendataria e arrendadora, de someterse ás condicións do programa de Bono de Alugueiro Social, e número das contas bancarias en que se ingresarán as subvencións (anexo III).
- Copia do DNI da persoa arrendadora, só no caso de non autorizar a súa consulta (anexo III).
- As mulleres vítimas de violencia de xénero, deberán acreditar esta condición mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos:
- Certificación, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.
- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE (continuación)

As persoas privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida deberán acreditar esta circunstancia mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Título que acredite a súa condición de persoa propietaria ou usufrutuaria da vivenda afectada polos danos.
- Memoria que acredite a inhabilitación da vivenda polos danos sufridos.
- Reportaxe fotográfica onde se reflectan os danos sufridos pola vivenda.
- Certificado de empadramento das persoas que integran a unidade de convivencia na data en que se produciron os danos na súa vivenda habitual.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Contrato de arrendamento da vivenda e xustificante do depósito da fianza ou indicación do código de procedemento, número de expediente e ano de presentación do depósito da fianza. No caso de descoñecer se foi presentada a fianza, deixaranse en branco os citados campos.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> No caso de non ter formalizado o contrato, deberase presentar no prazo dun mes, contado desde a notificación da resolución de concesión da axuda, acompañado do xustificante do depósito da fianza, dos certificados de empadramento das persoas que integran a unidade de convivencia nesa vivenda e do anexo III.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia do título de discapacidade da persoa solicitante, cando proceda e só no caso de non autorizar a súa consulta ou cando este fose emitido por outra comunidade autónoma.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia do título de discapacidade das persoas que integran a unidade familiar, cando proceda e só no caso de non autorizar a súa consulta no anexo II ou cando este fose emitido por outra comunidade autónoma.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia da resolución xudicial de terminación do procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado xudicial da notificación da resolución xudicial de terminación do procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo o IGVS, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, a consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a devandita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo o IGVS para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo o IGVS para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo o IGVS para consultar os datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo o IGVS para consultar os datos de discapacidade que constan en poder da Secretaría Xeral de Política Social, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

- SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**ANEXO I**
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral do IGVS como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a: aluga.igvs@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan RehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 con financiamento plurianual.


Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual.

Orde do 7 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual.

Orde do 13 de maio de 2016 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e a Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se procedeu á convocatoria destas subvencións para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de  SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

AUTORIZACIÓNS DAS PERSOAS QUE INTEGRAN A UNIDADE FAMILIAR (excepto a persoa solicitante)

As persoas que asinan o presente documento autorizan o IGVS, como unidade responsable do presente procedemento administrativo, para comprobar os datos que se relacionan a continuación:

Nome e apelidos	NIF	Parentesco coa persoa solicitante	Convive coa persoa solicitante	Autoriza consulta identidade	Autoriza consulta residencia	Autoriza consulta discapacidade	Autoriza certificacións de estar ao día nos pagamentos coas administracións públicas	Sinatura da persoa, ou do seu pai ou da súa nai en caso de ser menor de idade
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior para reflectir todas as persoas que integran a unidade de convivencia poderán cubrir e enviar tantos anexos II como sexan necesarios.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO III

COMPROMISO DE SOMETERSE ÁS CONDICIÓN DO PROGRAMA DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL E NÚMERO DE CONTA BANCARIA EN QUE SERÁ INGRESADA A SUBVENCIÓN

De acordo co establecido no artigo 9 da Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan RehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, modificada pola Orde do 23 de decembro de 2015.

DATOS DA/S PERSOA/S ARRENDADORA/S (cubrir só as necesarias)

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF

DATOS DA/S PERSOA/S ARRENDATARIA/S (cubrir só as necesarias)

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	NIF

As persoas indicadas comprométese a someterse ás condicións do programa do Bono de Alugueiro Social.

Así mesmo, indican que o número de conta bancaria en que deberá ingresarse a subvención mensual do Bono de Alugueiro Social está a nome da/s persoa/s arrendadora/s, cos seguintes datos:

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN

Así mesmo, indican que o número de conta bancaria en que deberá ingresarse, de ser o caso, a subvención complementaria do Bono de Alugueiro Social está a nome da/s persoa/s arrendataria/s, cos seguintes datos:

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN

Por outra banda, A PARTE ARRENDADORA

Autoriza o IGVS para consultar os datos de identidade da persoa arrendadora no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009 da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

SI NON (neste caso presentárase a documentación correspondente)

SINATURA

Parte arrendataria

Parte arrendadora

Lugar e data , de de




XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
